



## **NORMAS QUE REGULARÁN O PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS QUE FORMAN PARTE DO PROGRAMA DEPORTIVO DE VERÁN 2023**

O Concello de Monforte organiza, para o verán de 2023, unha serie de actividades motivado principalmente polas necesidades de conciliación familiar dos monfortinos e monfortinas, así como para que nenos e nenas, rapaces e rapazas, poidan gozar dunhas vacacións activas practicando actividades lúdicas de xeito saudable.

Estas actividades son:

- Campamento Deportivo de Verán
- XVII Campus de Fútbol Cidade de Monforte
- Cursos de tenis

### **A. CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN 2023**

#### **1- PERSOAS PARTICIPANTES**

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre o 01/01/2011 e o 31/12/2018
- No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade superior ó 33%, ter recoñecemento da situación de discapacidade e que non precisen da axuda de terceira persoa para participar na actividade.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

#### **2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:**

- **Duración:** A actividade terá lugar entre o 3 de xullo e o 14 de agosto distribuído en tres quendas:
  - Primeira quenda: do 3 ao 14 de xullo
  - Segunda quenda: do 17 ao 31 de xullo
  - Terceira quenda: do 1 ao 14 de agosto



- **Horario:** de luns a venres non festivos de 10:00 a 14:00 h.
- **Servizo de transporte:** o campamento conta coa posibilidade de matricularse con servizo de transporte tanto para a ida como para a volta.
- **Prazas ofertadas e grupos:** o número de prazas ofertadas para cada quenda é de 120  
En cada quenda resérvanse 6 prazas para persoas con discapacidade superior ao 33 % e 8 prazas a disposición dos Servizos Sociais do Concello de Monforte.
- **Custe da actividade:**
  - Matrícula sen transporte: 51,75 € por quenda.
  - Matrícula con transporte: 67,28 € por quenda.Ás familias numerosas terán un desconto do 50 %
- **Lugar de celebración:** instalacións deportivas municipais e outros espazos
- **Tipoloxía e actividades:** actividades multideportivas, talleres, excursións, etc.

### 3- SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O procedemento de solicitude será o seguinte:

1. As persoas interesadas en participar no Campamento Deportivo de Verán 2023 deberán facer unha **preinscrición** de xeito **telemático** a través da páxina web [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) **entre o 23 e o 31 de maio**.
2. Publicación de lista de persoas preinscritas o día **5 de xuño**.
3. Sorteio de prazas, no caso e ser necesario, o día **7 de xuño**. No sorteo estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteo.
4. Publicación de lista de persoas admitidas e lista de espera, o día **9 de xuño**.
5. Inscrición definitiva (con aportación da documentación requirida segundo o artigo 5), aboamento da matrícula e xestión de lista de espera **entre o 12 e o 22** de xuño. A inscrición definitiva poderá facerse de dous xeitos:
  - Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo **deporte.veran@concellodemonforte.com**
  - Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.



#### 4- PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As persoas interesadas poderán solicitar a participación entre 1 e 3 quendas e terán que asignarlle a orde de preferencia a cada unha delas.

Para a asignación de prazas atenderase ós seguintes criterios de preferencia:

- Terán prioridade na asignación de prazas as persoas empadroadas no Concello de Monforte.
- Para a asignación de prazas na quenda preferente terán prioridade ademais:
  1. Persoas cuxos proxenitores estean ambos traballando.
  2. Familias monoparentais.
- Para a asignación do resto de quendas terán prioridade unicamente as persoas empadroadas no Concello de Monforte.

A adxudicación de prazas será atendendo, primeiramente, aos criterios de preferencia, e de ser necesario realizarase sorteo.

#### 5- DOCUMENTACION A PRESENTAR:

- **Preinscrición entre o 23 e o 31 e maio:** realizarase exclusivamente de xeito telemático.

Documentación que se debe achegar:

- No caso de que os dous proxenitores traballen, e así o fagan constar no formulario:
  - Libro de familia (de todas as follas cubertas)
  - Documentación que acredite que os dous proxenitores están traballando:
    - No caso de traballadores/as por conta allea: vida laboral ou certificado de empresa que o acredite.
    - No caso de traballadores/as por conta propia: vida laboral ou último recibo do pago da cota á Seguridade Social.



- No caso de familia monoparental e así o fagan constar no formulario: certificado acreditativo emitido polo organismo correspondente.
- No caso de nenos e nenas con discapacidade superior ao 33 % e que así o fagan constar no formulario: certificado de discapacidade.

**No caso de que a preinscrición non inclúa a documentación requirida non se terá en conta para aplicar o criterio de preferencia.**

- **Inscrición definitiva das persoas con praza (Matrícula) entre o 12 e o 22 de xuño:** será necesario aportar a seguinte documentación:
  - Instancia de matrícula
  - No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.
  - Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a legal.
  - Fotocopia do DNI do/a menor ou libro de familia no caso de non ter DNI.

Esta documentación poderá presentarse de dous xeitos:

- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo [deporte.veran@concellodemonforte.com](mailto:deporte.veran@concellodemonforte.com)
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

## **6- PAGO DA MATRÍCULA:**

As persoas con praza, unha vez presentada a documentación requirida para a inscrición definitiva, enviaráselles, ao correo electrónico designado, a carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) A data límite para realizar o pago será o 22 de xuño.



## **B. XVII CAMPUS DE FÚTBOL CIDADE DE MONFORTE – R.C. CELTA DE VIGO**

### **1- PERSOAS PARTICIPANTES**

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre o 01/01/2009 e o 31/12/2016
- No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade superior ó 33%, ter recoñecemento da situación de discapacidade e que non precisen da axuda de terceira persoa para participar na actividade.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

### **2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:**

- **Duración:** A actividade terá lugar entre o **31 de xullo e o 4 de agosto**.
- **Horario:** de luns a venres non festivos de 10:00 a 13:00 h.
- **Prazas ofertadas e grupos:** o número de prazas ofertadas é de 100. Resérvanse 6 prazas para persoas con discapacidade superior ao 33 %
- **Custe da actividade:** 26,91 €. As familias numerosas terán un desconto do 50 %
- **Lugar de celebración:** Campo Municipal de Fútbol Luis Bodegas.

### **3- SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O procedemento de solicitude será o seguinte:

1. As persoas interesadas en participar no XVII Campus de Fútbol Cidade de Monforte deberán facer unha **preinscrición** de xeito **telemático** a través da páxina web [www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es) entre o **23 e o 31 de maio**.
2. Publicación de lista de persoas preinscritas o día **5 de xuño**.
3. Sorteio de prazas, no caso e ser necesario, o día **7 de xuño**. No sorteio estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteio.
4. Publicación de lista de persoas admitidas e lista de espera, o día **9 de xuño**.
5. Inscrición definitiva (con aportación da documentación requirida segundo o artigo 5), aboamento da matrícula e xestión de lista de espera **entre o 12 e o 22 de xuño**. A inscrición definitiva poderá facerse de dous xeitos:



- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ó enderezo **deporte.veran@concellodemonforte.com**
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

#### **4- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:**

Para a asignación de prazas terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Monforte. De ser necesario realizarase sorteo.

#### **5- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

- **Preinscrición entre o 23 e o 31 e maio:** realizarase exclusivamente de xeito telemático.

Documentación que se debe achegar:

- No caso de nenos e nenas con discapacidade superior ao 33 % e que así o fagan constar no formulario: certificado de discapacidade.
- **Inscrición definitiva da persoas con praza (Matrícula) entre o 12 e o 22 de xuño:** será necesario aportar a seguinte documentación:
  - Instancia de matrícula
  - No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.
  - Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a legal.
  - Fotocopia do DNI do/a menor ou libro de familia no caso de non ter DNI.

Esta documentación poderá presentarse de dous xeitos:

- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo [deporte.veran@concellodemonforte.com](mailto:deporte.veran@concellodemonforte.com)
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.



## **6- PAGO DA MATRÍCULA:**

As persoas con praza, unha vez presentada a documentación requirida para a inscrición definitiva, enviaráselles, ó correo electrónico designado, a carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) A data límite para realizar o pago será o 22 de xuño.

## **C. CURSOS DE TENIS**

### **1- PERSOAS PARTICIPANTES**

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre o 01/01/2012 e o 31/12/2018
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

### **2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:**

- **Duración:** A actividade terá lugar entre o 3 de xullo e o 14 de agosto distribuído en tres quendas:
  - Primeira quenda: do 3 ao 14 de xullo
  - Segunda quenda: do 17 ao 31 de xullo
  - Terceira quenda: do 1 ao 14 de agosto
- **Horario:** martes e xoves non festivos (clases de 1 hora de duración)
- **Prazas ofertadas e grupos:** establécense un máximo de 3 grupos de actividade por quenda. O número de prazas de cada un dos grupos será de 6 persoas.
- **Custe da actividade:**
  - Matrícula por alumno/a e quincena: 20,70 €

As familias numerosas terán un desconto do 50 %
- **Lugar de celebración:** Pistas municipais de tenis da Pinguela



### 3- SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O procedemento de solicitude será o seguinte:

6. As persoas interesadas en participar nos cursos de tenis deberán facer unha **preinscrición** de xeito **telemático** a través da páxina web [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) entre o **23 e o 31 de maio**.
7. Publicación de lista de persoas preinscritas o día **5 de xuño**.
8. Sorteio de prazas, no caso e ser necesario, o día **7 de xuño**. No sorteo estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteo.
9. Publicación de lista de persoas admitidas e lista de espera, o día **9 de xuño**.
10. Inscrición definitiva (con aportación da documentación requirida segundo o artigo 5), aboamento da matrícula e xestión de lista de espera **entre o 12 e o 22 de xuño**. A inscrición definitiva poderá facerse de dous xeitos:
  - Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ó enderezo **deporte.veran@concellodemonforte.com**
  - Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

### 4- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

Para a asignación de prazas terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Monforte. De ser necesario realizarase sorteo.

### 5- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- **Preinscrición entre o 23 e o 31 e maio:** realizarase exclusivamente de xeito telemático.

Documentación que se debe achegar:

- No caso de nenos e nenas con discapacidade superior ao 33 % e que así o fagan constar no formulario: certificado de discapacidade.





- **Inscripción definitiva da persoas con praza (Matrícula) entre o 12 e o 22 de xuño:** será necesario aportar a seguinte documentación:
  - Instancia de matrícula
  - No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.
  - Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a legal.
  - Fotocopia do DNI do/a menor ou libro de familia no caso de non ter DNI.

Esta documentación poderá presentarse de dous xeitos:

- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo [deporte.veran@concellodemonforte.com](mailto:deporte.veran@concellodemonforte.com)
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

#### **6- PAGO DA MATRÍCULA:**

Ás persoas con praza, unha vez presentada a documentación requirida para a inscrición definitiva, enviaráselles, ó correo electrónico designado, a carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) A data límite para realizar o pago será o 22 de xuño.